



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2022/8
SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, MARTES 4 DE OUTUBRO DE 2022 -

No día de hoxe, ás 12:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria que subscribe, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria Urxente do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

CARLOS FERNANDEZ CONCEIRO

JAVIER LEMA SUAREZ

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

AUSENCIAS:

MONICA VILELA VILELA (comunica a súa escusa)

MANUEL CARAMES LOPEZ

TANIA ROMERO GARCIA (comunica a súa escusa)

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: MONICA IGLESIAS PREGO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1.- Ratificación urxencia da convocatoria
- 2.- Proposta POS Adicional 2/2022

1.-Ratificación urxencia da convocatoria

O Sr Alcalde explica: "Fixémolo así para evitar prexuízos económicos ao Concello porque o prazo para enviar á Deputación o acordo remata o 5 de outubro."

Dna Sandra Vilela intervén seguidamente: " Votaremos en contra da urxencia pois non é algo inesperado xa o sabía dende febreiro. Non hai xustificación para facelo así, sen Comisión Informativa e cun Pleno ás doce da mañá cando nos puxéramos de acordo en pleno de 2020 que os Plenos foran ás 20:00 horas. Isto evidencia a súa falta de planificación e a súa desidia no goberno."

D Carlos Fernández intervén: " Non sei como calificar a situación deste Concello, "caos", "desprezo polas mínimas normas legais...". Este pleno non ven a conta, xa sabíamos cal era a data final para entregar o proxecto fai meses. Convócanos a un pleno para decidir o destino de 470000 euros e faino sen comisión informativa e con menos de 24 h de antelación. A nosa obriga é a fiscalización da xestión municipal pero



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

estanos a resultar moi difícil e o BNG non vai ser cómplice nunha xestión que roza a ilegalidade como o amosan os reparos de intervención, os requirimentos da Xunta sobre PMP, etc. Temos dúas opcións, ou aceptar a urxencia ou non facelo o que implicaría por en perigo esos cartos aportados pola Deputación. Quen debe ser responsable é o goberno municipal e non o é, e quen está a selo é a oposición, quen non debería de selo. Isto de hoxe é unha ruptura de pontes co BNG, esto rematou. Tomamos a decisión difícil e voume abster na votación da urxencia, pois para min non é urxente.”

Sometida a urxencia da convocatoria a votación, votan a favor da mesma os tres integrantes do grupo municipal do PSOE e en contra os tres integrantes do grupo municipal do PP, absténdose o Sr Fdez Concheiro.

Ao producirse empate a Secretaria informa que debe volver a votarse e que no caso de continuar o empate, será o voto de calidade do Alcalde o que decida.

Repítese a votación con idéntico resultado, sendo o voto da Alcaldía favorable a urxencia, quen decide a aprobación desta.

2.-Proposta POS Adicional 2/2022

O Sr Alcalde, explica o contido da proposta: “ Propoñemos unha obra, que é a Depuradora de Quintáns e o resto dos cartos para gasto corrente”.

Dna Sandra Vilela intervén: “ Houbo un acordo plenario en febreiro cando votamos o POS cun compromiso da alcaldía de que neste adicional irían unha seria e obras propostas pola oposición. Esas obras xorden cando vostede non insta a propoñer en 24 horas obras para o POS. Unha vez máis incumpre a súa palabra o que non nos causa sorpresa. A súa é unha xestión pésima, ten que coller agora 337000 euros para gasto corrente, para pagar facturas e non para obras. Se precisaba esa cantidade para gasto corrente e non para as obras que tiña comprometidas con nós, por que non nos chamou para intentar sacar este Adicional adiante?. Se isto non sae adiante poñer nas redes sociais que é culpa da oposición, pero os únicos enemigos de Muxía son este goberno e o único amigo é a oposición porque grazas a ela vostede sacou adiante o POS ano tras ano. Hoxe pasará o mesmo porque absterémonos xa que non queremos que Muxía perda este diñeiro. Por responsabilidade absterémonos.”

A continuación intervén D Carlos Fdez (BKG): “Subscribo todo o que di Sandra. Pídolle que nos diga en que vai gastar esos 337000 euros. Non cumpre compromisos nin dá explicacións. Preséntanos este plan tarde, mal e a arrastro, confiando como sempre, no bo facer dos funcionarios porque hai que entregar todo a Deputación dunha forma razoable. Cando pedimos a depuradora de Quintáns pedimos tamén que se valorase o cambio de ubicación desta levándoa a un terreo municipal que ia para campo de fútbol e que era bo levala alí para dar servizo a máis vivendas e explotacións gandeiras. Ademais a depuradora de A O está ao límite e podería ser posible conectar esa zona. Non o fixo así. Se lee a memoria do proxecto xa se ve a terrible situación na que está actualmente a depuradora, con verquido ao río que vai a Praia de Lago e tardaste anos en facenos caso, deberías pedir desculpas aos veciños que aguantaron isto durante anos. Abstereime para non perder, como sempre, este diñeiro.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno cos votos a favor do gm PSOE (3) e a abstención do resto acorda:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	337851.72

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible		
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible		
Renovación EDAR de Quintans(Muxía) e reparación camino de acceso.	140975,01				140975,01
TOTAL	140975,01				140975,01

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Concello				Orzamento Total
	Deputación	Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
Gastos correntes servizos obrigatorios	337851,72				337851,72
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	140975,01				140975,01
Revisión excepcional de prezos obras municipais					
TOTAL	478826,73				478826,73

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos para a obra ao tratarse de renovación da existente, estando solicitadas as autorizacións e informes sectorias precisos.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Ás 12:30 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, venres 7 de outubro de 2022

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña